

# Nota aclaratoria convocatoria Fondolibros 2020/2021

Á vista das diferentes dúbidas postas de manifesto no foro do Portal da dirección sobre diferentes cuestións vinculada á [Orde do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21 \(código de procedemento ED330B\)](#) cómpre realizar as seguintes aclaracións:

## **1º.- CAMBIO DE LIBROS NOS CURSOS NOS QUE FUNCIONA O SISTEMA DE FONDO SOLIDARIO:**

Correspóndelle aos órganos de coordinación didáctica (Disposición adicional 4ª LOE) e comunicación á inspección educativa.

Só se permite que os centros poidan cambiar os libros de 3º e 5º de educación primaria (artigo 1º.1.a da convocatoria).

Os centros que decidan non substituír os libros no curso 2020/2021, non poderán cambialos nos seguinte 6 cursos.

## **2º.- CAMBIO DE LIBROS 1º e 2º EP (SISTEMA DE AXUDAS)**

É posible o cambio sempre que alcanzasen os 6 anos mínimos de vixencia (recollido na Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares).

No caso de considerar que existen razóns para substituílos antes, será preciso que o centro o solicite á inspección educativa.

## **3º.- RECOLLIDA DOS LIBROS DE 3º E 5º EP DO CURSO 2019/2020**

Deben recollese polos centros educativos.

## **4º.- EDIXGAL:**

1º.- Os centros que estean incluídos en EDIXGAL, para os cursos que estean integrados neste programa, gravarán as solicitudes facendo constar en obxecto da solicitude "Material escolar". Se unha vez que saia a resolución definitiva de EDIXGAL para o curso escolar 2020-2021, causan baixa, deberán cambiar as solicitudes facendo constar en obxecto "Libros e material escolar" (podendo facelo manualmente ou solicitalo a Unidade de atención a centros).

2º.- Os centros que solicitan a inclusión para un novo curso no programa EDIXGAL, gravarán as solicitudes para ese curso facendo constar en obxecto da solicitude "Libros e material escolar". Se unha vez que se publique a resolución definitiva de EDIXGAL para o ano escolar 2020-2021, pasan a estar no programa, deberán cambiar as solicitudes facendo constar en obxecto "Material escolar"



(podendo facelo manualmente ou solicitalo a Unidade de atención a centros). Todas as actuacións realizadas no fondo solidario de libros de texto ata ese momento quedarán sen efectos. **En ningún caso farán a adquisición de libros de texto antes da resolución definitiva de EDIXGAL.**